

## A OV430 pecha o Ciclo de Primavera con «Entre damas e meigas»

O **Ciclo de Primavera da OV430**, co que a orquestra regresou á actividade tras seis meses de parón pola Covid19, toca ao seu fin este **domingo día 13** co último dos seus concertos. Presentarán, a partir das **12:00 horas**, na sala 3 do **Museo MARCO**, «**Entre damas e meigas**», un programa interpretado pola súa **orquestra barroca** que contará coa soprano **María Eugenia Boix** e a dirección musical de **Pavel Amilcar**. O mesmo componse dunha selección de arias das óperas *Rodelinda*, *Agrippina* e *Alcina*, todas elas de Georg Friedrich Händel.

**Händel** é unha das grandes figuras da música universal e da ópera en particular. É o perfecto expoñente do xénero, pois consagrou a primeira parte da súa vida ao mesmo, chegando a escribir corenta óperas en estilo italiano. Causou furor e enriqueceuse, pois ningún compositor facíalle sombra. A pesar de nacer en Alemaña e desenvolver a súa formación en Italia, é a gran xoia da coroa británica, xa que foi adoptado oficialmente coma un londiniense máis en 1727. Era un dramaturgo nato. Argumentalmente, gran parte das óperas comprenden temática heroica -materia en auxe na ópera seria de principios do S. XVIII-. Nela enmárcanse **Rodelinda** e **Agrippina**, que serán interpretadas este domingo. **Alcina** sen embargo enmárcase dentro da temática coñecida coma *ópera máxica*; nela, o argumento é extraído da literatura épica e caballeresca, ademais están moi presentes a maxia e o encantamento, pois adquiren gran importancia.

A reputada soprano **Eugenia Boix** é natural de Monzón (Huesca), e foi Premio Extraordinario de Fin de Carreira no Conservatorio Superior de Música de Salamanca. Cantou baixo a batuta de numerosos directores recoñecidos, e entre o seu repertorio operístico destacan roles como ‘Pamina’ na *Frauta Máxica* ou ‘Susanna’ nas *Vodas de Fígaro*, entre outros. Ademais do seu amplo programa de concertos, interpretou numerosos recitais en diversos puntos de Europa, América e Asia.

Á batuta da Orquestra Barroca Vigo 430 estará este domingo o recoñecido director mexicano **Pavel Amilcar**, quen para estudar violín barroco trasladouse a Polonia -con Agata Sapiecha e Agnieszka Riklych- e a Barcelona -onde se titula baixo a cátedra de lunes, 7 de junio de 2021

Manfredo Kraemer e Pablo Valetti e realiza despois a súa mestría-. Tras a súa participación profesional con numerosos directores de renome e completar gravacións con diversas discográficas, imparte a cátedra de violín barroco no Curso de Música do Vallée dá Bresle, en Francia, e é, dende o pasado 2020, profesor de violín barroco no Conservatorio Superior de Música de Vigo. É ademais -xunto con Thor Jorgen-, membro creador do ensamble *Divina Mysteria*, un proxecto adicado á investigación e interpretación da música antiga con criterios históricos.

O Ciclo de Primaveira 2021 conta co patrocinio da Concellería de Cultura do Concello de Vigo. Coma sempre, respectaranse as restricións de aforo derivadas da situación sanitaria, e cumprirase con tódalas medidas de seguridade pertinentes. Unha vez máis, a **entrada** para gozar do evento será **gratuíta**. Para cumprir cos protocolos, así coma para evitar aglomeracións e malentendidos á entrada do concerto, **será necesario efectuar unha reserva previa en [reservas@vigo430.com](mailto:reservas@vigo430.com), indicando o número de asistentes e os seus datos de contacto** -nome, apelidos, DNI-. O domingo darase **prioridade para acceder ao recinto a todas aquelas persoas que conten con reserva previa**. Unha vez éstas sexan xestionadas, se continúa habendo butacas dispoñibles, a entrada será libre ata completar o aforo permitido.

Con esta cita «Entre damas e meigas» péchase por tanto o Ciclo de Primaveira iniciado o pasado mes de maio, que congregou numerosos espectadores nos seus dous primeiros concertos, «Rexurdimento» e «Tormenta e paixón». Con todo, a OV430 non detén a súa axenda para os próximos meses. Moi pronto darase a coñecer a programación de verán; **unha proposta imperdible**, moito aínda por gozar.